

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ENCONTRO CO PRESIDENTE EXECUTIVO DE NCG BANCO E COS COPRESIDENTES DE NOVACAIXAGALICIA

Santiago, 17 de xuño de 2011.

Quero agradecer a súa presenza aquí e felicitalos porque hoxe presentamos á sociedade galega unha importante operación financeira para Galicia. Pero tamén algo máis. Presentamos un acordo polo que Galicia, que acadou ter un presente financeiro, agora se asegura un futuro neste eido.

Pero presentamos tamén un acordo que trascende da súa, xa de por si, relevancia estritamente financeira. Este avance no cumprimento do último dos decretos do Goberno de España é un novo e importante impulso á confianza de Galicia. Á confianza deste país nas súas posibilidades e á confianza neste país. Na súa responsabilidade, na súa capacidade e no seu modo de abordar as dificultades. O modo está claro: xuntos, cooperando e antepoñendo o interese xeral.

Os territorios que contan con entidades autóctonas fortes contan con máis instrumentos para o seu desenvolvemento e Galicia continúa a ser unha das Comunidades Autónomas que permanecen no mapa financeiro español. Do mesmo xeito que o acadamos nunha primeira fase do reordenamento financeiro; agora Galicia volve evitar o seu empobrecemento económico e social conservando o seu patrimonio financeiro.

Novacaixagalicia ten unha excepcional fortaleza en Galicia, cunha cota de mercado superior ao 40%, con oficinas rendibles e saneadas e con taxas de dubidosos moi baixas en comparación coa media do sector. Galicia non debía permitirse perder a facultade de que se xestionara en Galicia e desde Galicia o aforro dos galegos. Non podía permitirse perder a vinculación social e territorial histórica da caixa. Nin podía tampouco permitirse perder unha entidade de referencia para as familias e emprendedores galegos. Acadámolo e imos volver acadalo.

Acadámolo nunha primeira fase coa fusión das caixas e volvemos a dar os pasos necesarios para que así continúe a ser en adiante. Cando hai menos de dous anos, o criterio do Goberno de España era un; Galicia acadou o mellor dos resultados posibles para os seus intereses: a fusión que acordamos neste mesmo lugar, en Montepío, en maio de 2010 e que deu lugar á creación de Novacaixagalicia no mes de novembro pasado.

E cando hai cinco meses, o criterio do Goberno de España se revelou outro e así se plasmou nun novo decreto, Galicia volve a acadar o mellor resultado posible para os seus intereses: a creación do novo banco que volvemos presentar outra vez aquí, que aglutinará unha importante porcentaxe do aforro galego e que manterá unha vinculación con Galicia como a caixa de aforros da que xurde.

Galicia está superando as dificultades que se lle teñen presentado por diante e tamén os obstáculos que se lle puxeron no camiño; algúns de xeito arbitrario, outros de xeito

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

improvisado. Froito da fortaleza da unión dos galegos foi e é Novacaixagalicia e agora será tamén NCG Banco, o proxecto que liderará un galego, José María Castellano.

O proceso de fusión das caixas galegas foi ben planificado, analizado e estruturado. Contou co aval do Banco de España e do FROB, así como co do Ministerio de Economía y Hacienda. De non terse realizado a fusión, nestes momentos non poderíamos poñer en marcha este proxecto. Non podería ser posible iniciar este novo proxecto de cuño galego, que xurde dunha caixa galega, porque as entidades galegas das que naceu Novacaixagalicia terían quedado diluídas noutros proxectos foráneos.

Os comezos de Novacaixagalicia foron prometedores en canto á integración e o funcionamento. Os responsables do Banco de España valoraban o desenvolvemento da fusión, tanto polo adianto de tempos como pola cohesión de equipos; pero xurdiu un novo decreto que variou o previsto.

Ante á improvisación, Galicia ten sabido e ten podido reaccionar grazas á planificación, a seriedade e á fiabilidade, que marcou dende o primeiro día este proceso.

Por iso quixera poñer en valor o traballo dos xestores da nova caixa galega, personificado, se mo permiten, na figura dos co presidentes Julio Fernández Gayoso e Mauro Varela. E quixera tamén transmitirilles para o futuro o mesmo compromiso incondicional da Xunta de Galicia que existiu desde 2009, e que tivo un traballo constante e excelente tanto da conselleira de Facenda como do director xeral de Política Financeira, e que me parece xusto recoñecer aquí.

Cando apenas contaba con semanas de existencia, Novacaixagalicia ten sabido facer fronte e resistir ante o maior cambio do sistema financeiro español na súa historia e que, ademais, se iniciou dun xeito abupto e desconcertante. En poucos meses, o rigor e a solvencia da entidade galega ten sido capaz de espertar o interese e a confianza de importantes emprendedores e isto se traducirá en investimentos en Galicia e nunha aposta pola nosa terra.

NCG Banco será das primeiras entidades en captar inversores privados mediante un Plan de Negocio difícil, ambicioso pero realista. Neste contexto de tanta inestabilidade debe xerarse confianza e a entrada de José María Castellano sen dúbida contribúe a elo.

Para a confianza deste país, para a confianza propia e a que poden depositar en nós é decisivo que un dos 50 directivos empresariais máis valorados do mundo –que ademais é galego- inicie, en plena crise, un novo proxecto e que este proxecto se sitúe en Galicia e que estea tan vinculado á nosa terra.

Estou convencido de que a entrada de Castellano provocará un efecto arrastre de capital galego e non galego cara a entidade financeira galega; pero tamén contribuirá dun xeito significativo a que Galicia se reforce como o país estable que é, como un país no que se pode confiar e como país que ten na súa sociedade –que é o sustento da entidade- a mellor das opcións que se poden escoller.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Non é posible falar de recuperación económica sen entidades financeiras fortes e saneadas. Galicia está nese camiño con responsabilidade. Durante moito tempo se ten falado de caixas, se ten falado de fusión, se ten falado de bancos, se ten falado de entidades financeiras... Que todo isto sirva para que agora poidamos falar de persoas, de cidadáns, de familias, de emprendedores, de galegos.

É certo que hai por diante un camiño certamente difícil, similar ao camiño que o Goberno galego anda desde o primeiro día en que tomou posesión. Será preciso un enorme esforzo para saltar os obstáculos que se presenten no futuro, pero temos conseguido dotarnos dun instrumento moi potente para facerlle fronte ás vicisitudes, grazas á forza conxunta dos galegos.

A confianza que a sociedade galega ten empeñado nesta entidade ten que ser devolta á sociedade galega e eu espero que a permanencia de Galicia no sistema financeiro español se traduza precisamente niso.

Que tanto esforzo supoña que, de agora en adiante, si poidamos falar dun maior apoio ás familias desde as entidades; que tanto esforzo supoña unha aposta desde a banca polos emprendedores; que tanto esforzo se traduza nun compromiso real e efectivo de Novacaixagalicia e NCG Banco co desenvolvemento económico, social e cultural deste país. Estou seguro de que así será e, entón, tanto esforzo, si que ten valido a pena.

Mentras repasaba este texto dinme conta de que Mauro Varela naceu en Lugo, é evidente que Julio Fernández Gayoso naceu na zona de Pontevedra, concretamente en Vigo, e me din conta de que Castellano, salvo que me corrixan, naceu na provincia da Coruña, e me din conta de que eu nacín na provincia de Ourense. Por fin aquí está Galicia enteira, Galicia enteira, que moitas veces nos esquecemos dela. pero que ten que ser o noso primeiro compromiso.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA